

O xigante da Coruña

Eran dous irmáns que se chamaban Xavier e Brais, eles vivían na Coruña preto da Torre de Hércules. Nese momento, na Torre de Hércules vivía un xigante que ameazaba de morte a toda a cidade da Coruña. Os que tiñan máis perigo eran os que vivían preto da Torre de Hércules que era onde vivían Xavier e Brais coa súa familia. O xigante dicíalles aos habitantes da Coruña que non podían falar galego e que debían falar castelán porque senón iba matalos da maneira máis cruel posible pero eles non lle fixeron caso e nas súas casas seguiron falando galego.

Xavier e Brais cansos de que ninguén se atrevera a enfrontarse ao xigante decidiron ir eles a acabar co xigante, a pesar do que a súa familia lles suplicara que non foran, eles non lles fixeron caso e coa axuda duns amigos deles foron enfrontarse ao xigante. Eles antes de ir enfrontarse co xigante idearon un plan que era que algúns deles ían ir por enfronte da torre para distraer ao xigante e outros ían ir por detrás da torre para matar ao xigante.

Cando eles chegaron a Torre de Hércules, o xigante viunos e saíu da torre moi furioso con ganas de matalos pero o que el non sabía era que enfronte del non estaban todos os homes que foran axudar a acabar con el porque había algún detrás da torre. O que os rapaces que estaban diante da torre tampouco sabían era que outros homes ao velos ir enfrontar ao xigante decidiron ir con eles e axudar aos homes que estaban detrás da torre a matalo. Ao final conseguiron matar ao xigante e conseguir liberar a toda a cidade da Coruña de non poder falar galego.

Fin.